

ADDENDA

Segundo á ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, procede introducir modificacións nesta programación do departamento de francés.

A partir deste curso académico, entran en vigor algunhas modificacións introducidas pola LOMLOE que se refiren á **avaliación** en todas as etapas. Polo que atinge o departamento de francés acordamos reflectir os seguintes cambios:

ESO

Desaparecen as convocatorias de setembro e a convocatoria extraordinaria. A partir de agora, ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións parciais e unha avaliación final ordinaria. Cada avaliación leva o seu boletín informativo. En xuño serán a 3ª avaliación e, por último a final ordinaria.

Para os alumnos que non superen a materia na terceira avaliación parcial, o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo e recuperación. Estes alumnos farán unha proba de recuperación na que deberán obter un mínimo dun 5 sobre 10 para poder superar a materia.

O alumnado que superou a materia poderá sumar ata un máximo de 1 punto máis para a nota da avaliación final, a través das actividades de reforzo e ampliación propostas polo departamento. Esta nota a maiores influirá na nota final.

BACHARELATO

No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido dende a realización da 3ª avaliación e a final dedicarase á realización das probas de reforzo e ampliación para os que aprobaron a materia. A nota non varía para os alumnos que xa tiveran aprobada a materia.

Para os alumnos que teñen a materia suspensa o departamento propondrá actividades de apoio, reforzo e recuperación. Finalmente deberán realizar unha proba de recuperación na que deberán obter un mínimo dun 5 sobre 10.

No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias dedicarase á impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.

O alumnado de 2º bacharelato que non supere a materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria. O alumnado presentarse a unha única proba sendo a cualificación da convocatoria de extraordinaria a nota obtida nesa proba.

